



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar a participación do Concello de Oroso na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2024(POS+AD2b) Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS +2024 cuxo prazo de presentación remata o día 13.09.2024 ás 15:00 horas, así como a necesidade de proceder a unha nova modificación do PXOM que dea satisfacción aos veciños e veciñas do Concello adaptando ás novidades normativas sobre todo en materia de edificacións fora de ordenación.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 12/09/2024

Hora: 08:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 08:30 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º. Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 12 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2º.-Aprobación se procede da participación do Concello de Oroso na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2024(POS+AD2b) Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS +2024 (EXP 2024/A008/000036).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/abrircms/gal/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario do Concello.
Federico Suárez Cancelo.